

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO DA OBRA FINANCIADA CON CARGO AO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025, DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DE TRAMO NA PISTA DE A CAPELA-CAMPELO, PARROQUIA DE O ARAÑO, RIANXO". EXPTE. TEDEC 2023/C003/000003.

ANTECEDENTES

1. Emitido o informe xustificativo da necesidade de contratación en data de 10/05/2024 obrante no expediente onde se expoñen os antecedentes da contratación,
2. Visto o Decreto de alcaldía número 422/2024 de 10/05/2024 que obra no expediente, resolvendo iniciar expediente mediante procedemento aberto simplificado sumario, ordenando incorporar os pregos coas puntuación determinadas pola Alcaldía, e a emisión dos informes previos preceptivos,
3. Logo de ver o certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente obrante no expediente,
4. Visto o prego de cláusulas administrativas particulares proposto pola Alcaldía obrante no expediente,
5. Logo de ver o informe de secretaría emitido en data de 30/07/2024 e obrante en Tedec como documento electrónico, así como o informe de intervención de fiscalización de data de 31/07/2024 obrante en Tedec como documento electrónico, todos eles obrantes no expediente,
6. Considerando que o proxecto de obras de "Pavimentación de tramo na pista de A Capela-Campelo, parroquia de O Araño, Rianxo", redactado polo arquitecto Juan Carlos Bastos González, de 22/02/2024, e que se concreta nun orzamento base de licitación de 47.078,97 euros, máis 9.886,58 euros de IVE, facendo un prezo total de licitación de 56.965,55 euros, foi aprobado por Decreto de alcaldía número 681/2024 de data 30/07/2024,
7. Vista a Resolución da Consellería de Medio Rural de data 7/05/2024, pola que se resolve "Concederlle ao Concello de Rianxo unha axuda por importe de 47.476,00 euros, equivalente a un 100% de axuda respecto do orzamento aceptado, ao abeiro do Plan de Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025.

Logo de ver o disposto no artigo 116 e 117 da LCSP, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 da LCSP.

E en atención ás competencias atribuídas a esta Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 (LCSP) presente **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación (composto polo prego de cláusulas administrativas tipo e os demais documentos que obran no mesmo anteriormente indicados) mediante procedemento aberto simplificado sumario da obra de "Pavimentación de tramo na pista de A Capela-Campelo, parroquia de O Araño, Rianxo", redactado polo arquitecto Juan Carlos Bastos González, de 22/02/2024, e que se concreta nun orzamento base de licitación de 47.078,97 euros, máis 9.886,58 euros de IVE, facendo un prezo total de licitación de 56.965,55 euros, tendo en conta o prezo e a redución do prazo de execución como únicos criterios de adxudicación.

Segundo: Autorizar, en contía de 56.965,55 euros o gasto que representa a contratación referida, con

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 651.977 exp. 2024/C003/000003

cargo á partida do estado de gastos do Orzamento Municipal 454/61900, e o proxecto de gasto 2024/2/9/1/1.

Terceiro: Publicar na Plataforma de contratación do Sector Público o anuncio de licitación, así como o Decreto de incoación do expediente de contratación e demais documentos indicados no artigo 116 da LCSP, para que durante o prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte a contar dende o seguinte ao da publicación do citado anuncio poidan os interesados presentar as proposicións que estimen pertinentes.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Julián Bustelo Abuín, do que eu, Vanessa Reboredo Fraga, como secretaria accidental, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).